

“COÑECE A TUA PROVINCIA”

O día 30 de xuño, publícanse no BOP as **BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DO PROGRAMA “COÑECE A TÚA PROVINCIA” (ANUALIDADE 2021).**

O obxecto destas bases é a regulación da concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de excursións dentro da provincia de Lugo no marco do programa “COÑECE A TÚA PROVINCIA” (anualidade 2021).

Poderán participar neste programa todas as **entidades sen ánimo de lucro** legalmente constituídas con sede na provincia de Lugo.

As solicitudes dirixiranse ao Presidente da Deputación de Lugo e presentaranse a través da sede electrónica da Deputación <https://sede.deputacionlugo.org/opencms/opencms/sede>, apartado “trámites xerais”, no espazo habilitado para o programa “COÑECE A TÚA PROVINCIA”.

Alternativamente, as solicitudes (de acordo co modelo que figura no Anexo I das bases), tamén poderán presentarse no Rexistro Xeral da Deputación de Lugo.

O prazo de presentación de solicitudes será ata **o 30 de xullo**.

Servizos incluídos: a excursión concedida a cada entidade beneficiaria do programa “COÑECE A TÚA PROVINCIA” incluírá o transporte para os traslados de ida e volta dende o lugar ou lugares de orixe, póliza de seguros de viaxeiros, menú de xantar e entradas e visitas a diferentes lugares de interese da provincia de Lugo.

Con cada grupo participante irá en todo momento un guía acompañante

A participación no programa “COÑECE A TÚA PROVINCIA” (anualidade 2021) terá carácter gratuíto para as entidades beneficiarias.

Número de participantes: En cada excursión poderán participar un máximo de 23 persoas e un mínimo de 11. De non acadarse o mínimo de 11 persoas para formar grupo, a viaxe será anulada.